

MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL PORTOS DE GALICIA E O CONCELLO SANXENXO PARA O AUXILIO E COLABORACIÓN NA VIXILANCIA DAS INSTALACIÓNS DO PORTO DE PORTONOVO NO SEU CONXUNTO E A ORDENACIÓN DO TRAFICO NA ZONA PORTUARIA

O Director de Portos de Galicia ao abeiro do artigo 15 da Lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia declara e formula a seguinte memoria en intención de formalizar co Concello de Sanxenxo o convenio arriba referenciado, por un período vixencia polo período de tempo entre o 1 de xullo e o 31 de agosto de 2024 ambos incluídos, ambos inclusive e que poderá ser obxecto de prórroga, salvo denuncia deste por parte de algunha das administracións afectadas, antes da súa finalización. O instrumento convencionado ten o obxecto e razóns que se expoñen de continuación.

1. Antecedentes e razóns de oportunidade

2.

A entidade pública empresarial Portos de Galicia, conforme aos artigos 1, 2 e 4 da súa lei 6/2017, de 12 de decembro, de Portos de Galicia, ten entre os seus obxectivos básicos, o fomento das actividades comerciais e industriais relacionadas co tráfico portuario, a integración dos portos no entorno municipal e social dinamizando a actividade portuaria e cultura do mar, e en xeral o fomento da actividade económica no eido dos portos en beneficio da comunidade concentrada na súa zona de influencia.

O Ente Público Portos de Galicia, procura a integración posible entre as infraestruturas porto e a vila que faciliten, non só a intermodalidade, senón tamén unha axeitada coordinación das relacións e necesidades das entidades e corporacións que interactúan no porto e na vila.

O concello de Sanxenxo, en base a Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local e a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, para dar cumprimento ás súas funcións de promoción e desenvolvemento de actividades para a vertebración do sistema de mobilidade e transporte dentro da vila de PORTONOVO, precisa de dispor de aparcamento na tempada estival polo aumento puntual desta demanda; razóns pola que está interesado na posibilidade de uso das zonas de aparcamento no vial en na explanada portuaria que se identifica no plano adxunto, ao tempo que colaborará na limpeza extraordinaria e na vixilancia e control do aparcamento mediante a ordenación do tráfico na zona portuaria coa intervención da grúa municipal se fora preciso para o correcto funcionamento para as necesidades portuarias.

A zona do porto de Portonovo que se destina a aparcamento constitúe tamén unha unidade funcional que desenvolve unha función de acceso a determinadas zonas portuarias, e que esta dotado dun tratamento do viario que integra o tráfico (peonil e motorizado).

A funcionalidade da instalación portuaria e os tramos horarios fixados neste colaboración permitirán o mantemento prevalente da operativa e servizos portuarios.

Xa que logo, ámbalas Administracións acordan regular as súas relacións no que atinxe ao uso de aparcamento, á vixilancia e control do tráfico das referidas instalacións.

2. Obxectivos que se pretenden





O obxecto do presente convenio consiste en regular a colaboración entre o Concello de Sanxenxo, e o Ente Público Empresarial Portos de Galicia no que atinxe ao uso na tempada estival das zonas de aparcamento indicadas no plano adxunto do porto, así como a limpeza e o auxilio da vixilancia e control do aparcamento mediante o control do tráfico nesa zona con intervención da grúa municipal para deixar libre o dito espazo para as necesidades de circulación e de aparcamento así como para actuacións derivadas das necesidades portuarias.

O concello de Sanxenxo, poderá facer uso ao amparo deste convenio da superficie portuaria identificada no plano adxunto en tempada estival (en diante explanada estival) e que se delimita entre a zona de varadeiro e xardíns con céspede e flores do vial.

Para a execución e efectos deste convenio o Concello deberá proceder ao valado do perímetro que linda coas actividades portuarias de forma que non se permita o acceso peonil ás devanditas instalacións.

Ademais o Concello deberá manter este valado en perfectas condicións durante a vixencia e efectos do Convenio.

O Concello tamén se compromete a manter a orde pública e a ordenación do tráfico mediante a policía local con intervención de ser preciso, do servizo da grúa municipal, sen aplicación de ningún custo a Portos de Galicia en toda a zona portuaria.

O compromiso estendese ás limpeza extraordinarias da explanada portuaria delimitada neste convenio durante a tempada estival con motivo de usos indebidos desta.

No marco deste auxilio e colaboración na vixilancia e ordenación do tráfico e aparcamento, nas instalacións portuarios do aparcamento do Porto, respectando en todo caso as competencias de Portos de Galicia en canto ao control, ordenación e coordinación do tráfico terrestre do artigo 113.2.a) da Lei 6/2017, de portos de Galicia, poderá a Policía Local exercer a facultade sancionadora en materia de tráfico e circulación vial naqueles vieiros abertos á circulación cuxo acceso e uso xeral non se atopa limitado nin restrinxido con control previo da Autoridade portuaria, retirando os vehículos que infrinxan as normas de aparcamento e circulación por medio do servizo de grúa municipal

O Concello de Sanxenxo acreditará que dentro de a súa póliza de responsabilidade civil/patrimonial como administración pública se recollen os riscos derivados das obrigas que asume en virtude deste convenio.

Portos de Galicia, autoriza o uso de aparcamento e auxilio e vixilancia de tráfico obxecto deste convenio, sen que a intervención do Concello de Sanxenxo ao abeiro deste pacto sobre terreos de dominio público portuario identificados segundo plano anexo ao mesmo, implique cesión de competencia ou limitación ou perda das potestades administrativas e facultades de xestión e explotación vencelladas aos fins de Portos de Galicia nin supón un cambio de titularidade ou cualificación xurídica dos bens cedidos.

Existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido. Todas as circunstancias expresadas determinan, a xuízo deste órgano de





xestión, que é procedente autorizar, mediante un convenio de colaboración, as actuacións descritas a realizar no ámbito da zona do porto de Portonovo.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

O presente convenio non supón achega económica por parte de Portos de Galicia, polo que a sinatura deste convenio, non se atopa nalgún dos supostos de necesidade de autorización previa do Consello da Xunta, esto é que se trate de gastos plurianuais ou obrigas económicas para a Facenda autonómica superiores a 150.000,00 euros, conforme á Disposición adicional segunda. Autorización de convenios da Lei 1/2016 do 15 de febreiro, de transparencia e bo goberno.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

Santiago de Compostela, na data de sinatura dixital

O Director

Juan Sanmartín Ferreiro

